

LIMIAR

Introduction

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é un proxecto do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que dende 2016 publica traballos académicos de investigadores noveis do ámbito da Filoloxía Galega, entendida esta nun senso amplo.

Neste novo Vol. 9 de *CUMIEIRA* (2024) recóllense catro investigacións. A publicación iníciase co traballo de Fabio Rivas que analiza, dende distintas variables sociais, o léxico dispoñible do campo da sanidade en alumnado da UVIGO no tempo que seguiu á pandemia da COVID. Ségueo o estudo de Miguel Rancaño Míguez, sobre as actitudes e opinións lingüísticas de estudantes redondeláns a partir de aspectos como a transmisión, os prexuízos e os cambios de código. A seguir vén o traballo de Manuel Gago Costas, quen, aproveitando o cincuentenario do 25 de abril, revisita, nun marco feminista, a obra das coñecidas como «As Três Marias»: *Novas Cartas Portuguesas*, unha das máis emblemáticas da literatura portuguesa. Finalmente, Helena Domínguez García aborda o estado da cuestión da crítica literaria feminista en Galicia a través da revisión de bibliografía e artigos de prensa. O volume péchase co comentario de Alejandro Solla sobre a novela de corte histórico titulada, *Ao sur da liberdade*, da que é autor Xosé- Henrique Costas.

Neste Vol. 9 de *CUMIEIRA* (2024) fixeron parte da Comisión de revisión científica, Bieito Arias Freixedo, Manuel Forcadela, Alexandre Rodríguez Guerra, Xosé Soto Andión e Xosé A. Fernández Salgado, profesores todos da Universidade de Vigo.

Dende o número inicial, *CUMIEIRA* tira unha edición en papel, que se envía ás principais bibliotecas galegas (UVigo, USC, UdC, ILG, Fundación Penzol, RAG, Consello da Cultura Galega, CIRP, EMAO, Museo de Pontevedra etc.) e máis ás das facultades de filoloxía das Universidades do Minho, Complutense, de Barcelona, de Salamanca, de Oviedo e de León. Ademais, estes volumes poden descargarse gratuitamente en PDF no enlace <<http://webh03.webs.uvigo.es/cumieira-cadernos-de-investigacion-da-nova-filoloxia-galega-2/>>.

XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO
xsalgado@uvigo.gal - Editor de *CUMIEIRA*
Universidade de Vigo